

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL

CAMBIOS NAS INTERINIDADES E NOMEAMENTOS DE LONGA DURACIÓN

! PRIMEIRO CAMBIO IMPORTANTE NO NOVO PACTO

Cando por lista che corresponda un nomeamento de longa duración:

- INTERINIDADE EN PRAZA VACANTE
- SUBSTITUCIÓN NOMINAL
- CONTRATO DE CONTINUIDADE
- OU CALQUERA OUTRO VÍNCULO INICIAL IGUAL OU SUPERIOR A 1 ANO

ESE SERÁ O VÍNCULO CO QUE QUEDARÁS ATA A SÚA FINALIZACIÓN

Xa non existirá a posibilidade de mellorar posteriormente a unha interinidade en praza vacante desde outro vínculo longo.

! SEGUNDO CAMBIO IMPORTANTE NO NOVO PACTO

SE XA TES UN NOMEAMENTO EN VIGOR DE CURTA DURACIÓN E CHE OFERTAN UN DE LONGA DURACIÓN, PODERÁS RENUNCIAR SEN PENALIZACIÓN.



Pero atención:

Mentres dure o teu nomeamento actual non volverás recibir chamamentos de longa duración.

Permanecerás como indispoñible ata a finalización do vínculo que xa tes activo.



CANDO ENTRARÁN EN VIGOR?

Estes cambios aplicaranse **coa publicación das listas definitivas de cada categoría** correspondentes ao corte de 2026.

Ata ese momento seguirán aplicándose as normas actuais do pacto do 2016.